

Estrutura e formato das probas B2 (B2-A + B2-B) de ALEMÁN e INGLÉS

Información xeral

- Para acreditar o nivel B2 a través desta convocatoria, o alumnado deberá superar os dous exames que conforman as dúas partes da proba B2:
 - **Exame escrito B2-A**
 - **Exame oral B2-B**
- Estes dous exames están claramente diferenciados, son independentes e realizaranse en días distintos.
- Para poder presentarse ao exame oral B2-B no CLM, é requisito indispensable ter superado o exame escrito B2-A.

Estrutura dos exames parciais escritos B2-A de alemán e inglés

- Avaliaranse as destrezas de:
 - **Comprensión lectora**
 - **Comprensión auditiva**
 - **Expresión e interacción escrita**
- A duración da proba escrita non excederá **170 minutos** e poderá contar cunha pausa de **15 minutos** entre algunhas das partes.

Comprensión auditiva

- escoitaranse dúas veces un ou varios documentos gravados (diálogos, descrições ou narracións).
- A continuación contestaranse varias preguntas.
- Os documentos poderán ser auténticos ou adaptados.
- O número máximo de ítems será de **20**.
- As preguntas poderán presentar os formatos seguintes:
 - tipo test
 - verdadeiro/falso
 - transformación de oracións
 - encher ocos
 - preguntas de comprensión e outros

- **Duración máxima:** 30 minutos.

Comprensión lectora

- Habrá que ler un ou varios textos cun máximo de **800 palabras en total**, de vocabulario non técnico.
- A continuación habrá que responder varias preguntas.
- Poderá incluír as seguintes estratexias de lectura:
 - comprender a idea principal e as secundarias
 - identificar e comprender detalles relevantes
 - comprender argumentos e instrucións
- O número máximo de ítems será de **30**.
- As preguntas poderán presentar os formatos seguintes:
 - tipo test
 - verdadeiro/falso
 - transformación de oracións
 - encher ocos
 - preguntas de comprensión e outros

Expresión e interacción escrita

- As persoas candidatas poderán recibir un texto para completar coa palabra ou expresión axeitada de acordo co contexto.
- Poderán reformular frases ou expresións.

Estrutura dos exames parciais orais B2-B de alemán e inglés

- Só poderán realizar esta parte aquelas persoas que superen o exame escrito B2-A.
- Avaliarase a **expresión e interacción oral**.
- O exame poderá realizarse:
 - individualmente
 - en parellas

Estrutura da proba oral

Poderá constar de **2 partes**:

1. Preguntas de carácter persoal:

- Presentación sobre un mesmo ou unha mesma.
- Comentario por parte da persoa candidata dun tema suxerido pola(s) persoa(s) examinadora(s).
- Interacción coa outra candidata examinada.

2. Desenvolvemento de comunicación oral a través de:

- soportes textuais (textos breves)
- soportes visuais (debuxos, fotografías ou gráficos asociados a títulos de prensa)

Duración e condicións

- A duración do exame oral non excederá **20 minutos**.
- O exame oral B2-B poderá ser gravado en formato audio.